



PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)



I.E.S. ANTÓN ALONSO RÍOS
TOMIÑO

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 05-12-2024

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. XUSTIFICACIÓN.....	6
2.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA.....	6
2.2. XUSTIFICACIÓN LEGAL.....	8
3. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	11
3.2. CARACTERÍSTICAS DO IES.....	11
3.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	12
2.4. CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO.....	13
2.5. CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL NON DOCENTE.....	13
2.6. CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS.....	13
3. OBXECTIVOS.....	14
3.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	14
3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	14
4. ACTIVIDADES.....	16
5. FUNCIÓNS DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN NA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.....	18
6. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS.....	20
7. PROGRAMA DE TRANSICIÓN ENTRE PRIMARIA E SECUNDARIA.....	24
8. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	27

1. INTRODUCCIÓN

A orientación académica e profesional é unha das áreas de interese prioritario da orientación psicopedagóxica, e é moito máis que unha mera información. Trátase de preparar para a vida laboral desde o sistema educativo, facendo tomar conciencia ao alumnado de que a profesión é un aspecto significativo da vida dunha persoa.

A orientación académica e profesional debe entenderse como un proceso que debe desenvolverse durante toda a educación, adquirindo unha especial relevancia cando o alumno deba escoller materias optativas, e naqueles momentos nos que a elección entre distintas opcións poida condicionar en gran medida o futuro académico e profesional dos estudantes: itinerarios académicos en Bacharelato ou ciclos formativos de Formación Profesional.

En relación co anterior, é importante a elaboración dun Plan de Orientación Académica de Profesional (POAP), o cal debe enmarcarse dentro do Plan de Orientación do centro. O seu referente serán as directrices ditadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as necesidades detectadas no contexto. Este plan debe incluír os obxectivos que se pretenden para o conxunto das etapas educativas do IES, as liñas de actuación prioritarias para cada etapa e curso, a especificación dos responsables implicados na realización das distintas actuacións e a súa temporalización, previsión dos recursos materiais, orzamentarios e organizativos (reunións do equipo directivo, equipos educativos e profesorado tutor, reunións do Departamento de Orientación, etc.), e os procedementos previstos para o seguimento e avaliación do plan.

O plan de orientación académica e profesional (POAP) deberá ter como finalidade facilitar a toma de decisións académicas e profesionais respecto do seu itinerario académico e profesional, contribuíndo á madurez vocacional e ao desenvolvemento das competencias e capacidades do individuo para a súa inserción social e laboral. Por esta razón, o noso programa de orientación profesional céntrase na orientación académica (optatividade, itinerarios na ESO, modalidades do Bacharelato, oferta e probas de acceso de ciclos formativos, etc.) e no asesoramento sobre distintas vías para poder obter o título da ESO, bacharelato, etc. Así como asesorar sobre as posibles saídas profesionais en función das necesidades e intereses do alumnado (educación de adultos, FP Básica, acceso a ciclos).

Por último, indicar que o POAP tamén debe incluír un **programa de transición do alumnado de Primaria á ESO** que responda á necesidade de ofrecer ao alumnado as ferramentas e o apoio necesarios para facer fronte ao

paso dunha etapa educativa a outra, minimizando os riscos asociados ao cambio e favorecendo o seu desenvolvemento integral. Con este programa, buscase garantir que o alumnado non só se adapte académicamente, senón que tamén se sinta emocional e socialmente preparado para a Educación Secundaria.

2. XUSTIFICACIÓN.

2.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

Enténdese a orientación educativa e profesional como un proceso continuo de axuda ás persoas en tódolos ámbitos (persoal, educativo, social e laboral), co obxecto de potenciar o seu desenvolvemento integral ó longo de toda a vida.

En consecuencia, a orientación transcende á propia tarefa de informar aos individuos sobre os posibles itinerarios formativos e sobre as expectativas de emprego, así como do axuste das ofertas educativas existentes en relación coas necesidades laborais do contorno, para abranger a problemática específica de cada persoa, de cada individuo como suxeito activo, analizando as súas aptitudes, intereses e potencialidades, co obxecto de conseguir a mellor das decisións para un óptimo aproveitamento dos recursos existentes.

Como primeiro antecedente significativo na evolución da orientación educativa e profesional pódese establecer a Lei Xeral de Educación de 1970, que enunciou o dereito á orientación como un servizo continuado a través do que se deberían atender as capacidades e preferencias do alumnado, facilitándolle a elección consciente e responsable de estudos e actividades laborais.

Actualmente, as tendencias no ámbito da Unión Europea diríxense a potenciar a institucionalización dos servizos de orientación con carácter preferentemente interno aos centros educativos, establecéndose así unha relación personalizada e permanente entre os profesionais da orientación, os membros da comunidade educativa e o contorno sociolaboral. No noso país, esta atención persoal nos procesos de orientación quedou recollida xa na LOGSE, que concibe a orientación como un dos factores que favorecen a calidade do ensino e outorga ás administracións educativas as competencias para garantir a oferta deste servizo e para asegurar que a coordinación das actividades se leve a cabo por profesionais coa debida preparación. Esta concepción reclama un modelo da orientación de natureza cooperativa, superador do tradicional de carácter predominantemente clínico, e un novo papel profesional dos responsables da orientación como axentes de desenvolvemento e mellora das institucións educativas.

A análise das tendencias actuais e as funcións asignadas pola LOXSE á orientación levaron á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a optar por un novo modelo organizativo da orientación educativa e profesional no ámbito da Comunidade Autónoma. Así, mediante o *Decreto 120/1998, do 23 de abril*, créanse en Galicia os actuais servizos de orientación educativa e profesional.

Como recolle a citada normativa, a organización dos servizos de orientación educativa e profesional estrutúrase en servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, servizos externos e servizos internos ós centros educativos. Estes últimos están constituídos polo Departamento de Orientación de cada centro educativo que garante que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias.

A oferta de información e orientación académica e profesional responde á necesidade de achegar a todos os colectivos potencialmente interesados información e orientación sobre as diferentes alternativas de ensino postobligatorio e emprego, coas competencias profesionais que require, e as vías de adquisición en calquera das súas modalidades.

En relación co anterior, o plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) basearase nunha serie de principios:

- A institución escolar debe dar resposta ás demandas do alumnado, das familias e da sociedade.
- A orientación supón un proceso de aprendizaxe.
- É un proceso sistemático enmarcado nun período amplo, e non un feito puntual. Terá que ser elaborado e desenvolvido ao longo de toda a escolaridade.
- É necesaria a colaboración da institución, as familias, o alumnado e a contorna.
- As actividades enmárcanse dende unha perspectiva interdisciplinar, relacionadas co currículo escolar.
- Debe potenciar a autonomía e a actividade do alumnado.
- Debe ter en conta os factores do desenvolvemento evolutivo e as características de cada alumno/a: persoais, familiares e sociais.
- Desenvolver a actividade supón, por parte do alumnado, un longo proceso que implica unha aprendizaxe por descubrimento.
- A elección escolar - profesional é unha decisión persoal do alumnado.

2.2. XUSTIFICACIÓN LEGAL

Actualmente, en relación á orientación académica e profesional, a LOE (Lei /2006 Orgánica de Educación) recolle os seguintes artigos:

- No artigo 1, indicase a orientación educativa e profesional como principio educativo. En concreto, no apartado f) recóllese: *“La orientación educativa y profesional de los estudiantes, como medio necesario para el logro de una formación personalizada, que propicie una educación integral en conocimientos, destrezas y valores”*.
- No artigo 2, recóllese que o sistema educativo español orientarase á consecución dos seguintes fins, entre os que salienta no apartado i) *“a capacitación para el ejercicio de actividades profesionales”* e no punto 2 *“la preparación para el ejercicio de la ciudadanía y participación activa en la vida económica, social... con capacidad de adaptación a las situaciones cambiantes de la Sociedad del Conocimiento”*.
- No artigo 5 indicase que *“todas las personas deben tener la posibilidad de formarse a lo largo de toda la vida, dentro y fuera del sistema educativo, con el fin de actualizar, completar... sus aptitudes para su dslo personal y profesional”*.
- No artigo 22.3. recóllese que *“En la educación secundaria obligatoria se prestará especial atención a la orientación educativa y profesional del alumnado. En este ámbito se incorporará la perspectiva de género. Asimismo, se tendrán en cuenta las necesidades educativas específicas del alumnado con discapacidad”*.

No Decreto 156/2022 polo que se establecen o currículo da ESO, recóllese:

- No artigo 5: na ESO, prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.
- No artigo 20; na ESO, a tutoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción tutorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

No Decreto 157/2022 polo que se establecen o currículo do Bacharelato, recóllese:

- No artigo 20.1: No bacharelato, a tutoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, así como a preparación do seu

futuro itinerario formativo, constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción tutorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

- No artigo 20.3: Coa finalidade de fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporárase a perspectiva de xénero ao ámbito da orientación educativa e profesional.

Por outra banda, no Decreto 114/2010 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, recolle no seu artigo 59 os fins que deben ter a información e a orientación profesional na formación profesional do sistema educativo.

Así mesmo, na Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllese:

- Artigo 7.1: A acción tutorial e a orientación académica e profesional terán un papel significativo en cada un dos cursos para guiar o alumnado na transición ao mundo laboral ou académico [...].
- Artigo 7.3: A persoa titular da dirección do centro designará, entre o profesorado que imparta docencia no grupo de alumnos ou alumnas, un titor ou unha titora para cada curso, que se encargará da orientación académica e profesional do alumnado [...].
- Artigo 7.5: No plan de acción tutorial do centro deseñaranse actividades específicas para o alumnado dos ciclos de formación profesional básica. Estas actividades centraranse fundamentalmente nos seguintes aspectos: [...] Información e orientación que lle garantan ao alumnado unha adecuada toma de decisións sobre o seu itinerario educativo e profesional ao remate do ciclo de formación profesional básica.

A maiores, na seguinte normativa tamén se fai referencia á orientación académica e profesional:

- No artigo 6 do Decreto 120/1998 que regulan a orientación educativa en Galicia, indícase entre as funcións dos/as orientadores/as: *“facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional”*.

- No artigo 22 da Orde do 24 de xullo de 1998 que regulan a orientación educativa en Galicia, indícase *“informar sobre os recursos socioeconómicos, educativos e culturais da zona que poidan ser de interese para o desenvolvemento persoal, social e de inserción laboral do alumnado”*.
- Na Circular 10/2010 que regula as accións prioritarias para a orientación, recolle entre elas: *“Asesorar en canto a acreditación de competencias profesionais”, “favorecer a transición académica e á vida activa do alumnado mediante asesoramento”, “difusión de accións de fomento da cultura emprendedora”, etc...*

3. ANÁLISE DO CONTEXTO.

3.1. A CONTORNA DO IES

Tomiño é un concello do sur da provincia de Pontevedra pertencente á comarca do Baixo Miño e que fai fronteira con Portugal. Ten una extensión de 103,40 km² e arredor de 13400 habitantes. Conta con 15 parroquias, sendo característica a gran dispersión poboacional con zoas lonxe do núcleo comercial e administrativo.

A zona é rural e a meirande parte da súa poboación dedicase os labores agrícolas, aínda que nos últimos anos houbo incremento do sector servizos.

O Centro mantén lazos de relación co seu entorno, destacando a colaboración co Concello de Tomiño, pois entre as dúas institucións a información é fluída e existe un hábito de comunicación e colaboración. Por outra banda, é salientable o papel dos Servizos Sociais do Concello no que respecta ó alumnado nunha situación socio-económica desfavorecida.

Por outra banda, o centro participa nun Programa Erasmus+ en colaboración con centros de outros países de Europa e noutro programa Erasmus, xestionado pola Deputación de Pontevedra, polo que enviamos a alumnos de FP a facelas prácticas no estranxeiro. A maiores, o Departamento de Francés leva a cabo un programa de intercambio bianual con Francia.

3.2. CARACTERÍSTICAS DO IES

O IES Antón Alonso Ríos é o único centro de Ensino Secundario deste concello. O centro creouse en 1994 para ofertar o ensino secundario aos mozos e mozas dos cinco colexios do concello que actualmente temos adscritos e que antes tiñan que desprazarse aos concellos veciños. Comezou a funcionar con seis unidades do segundo ciclo de ESO. Desde entón foron moitos os retos que houbo que asumir: a chegada do alumnado de 1º ciclo de ESO, a implantación dos bacharelatos e a dos ciclos formativos, co conseguinte aumento tanto do profesorado como do alumnado, axiña resultou en importantes carencias de espazo que requiriron unha ampliación do edificio e dos terreos anexos.

A escaseza de espazo semella un problema crónico no noso centro, pois o número de estudantes non diminúe significativamente dun ano a outro, e xa nos vimos na necesidade de redistribuír espazos, compartir uns despachos e ocupar outros para impartir clases en condicións precarias, organizar grupos-clase excesivamente numerosos, limitar a oferta das optativas e das medidas de atención á diversidade... Foron varias as iniciativas que o profesorado estaba

disposto a acometer pero resultaban imposíbeis de aplicar por falta de espazos e medios.

Actualmente, no IES Antón Alonso Ríos impártense as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º e 4º).
- Bacharelato (1º e 2º):
 - Ciencias e Tecnoloxía.
 - Humanidades e Ciencias Sociais.
- Formación Profesional Básica:
 - Agroxardiñería e Composicións Florais.
 - Electricidade e Electrónica.
- Ciclos formativos de grado medio (FP):
 - Instalacións de telecomunicacións.
 - Aproveitamento e conservación do medio natural.

O Consello Escolar está formado por tres pais/nais, un representante do Concello, sete profesores/as, tres alumnos/as, un representante do persoal de administración e servizos, o Director, a Xefa de Estudos e a Secretaria do centro.

3.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O centro soe contar aproximadamente con 570 estudantes. Sinalar que, nos últimos cursos, o número de matriculados/as no IES non para de medrar.

A maior parte do alumnado da ESO, procede dos centros educativos que están adscritos ao instituto: CEP Pedro Caselles Beltrán, CEIP Pintor Antonio Fernández (Goián), CEIP de Sobrada, CEIP de Tebra e CEIP de Barrantes.

Se ben é certo, temos moito alumnado procedente dos concellos lindeiros que acoden ao noso centro para estudar unha FP Básica, un ciclo medio de FP ou o Bacharelato.

Outra característica observada nos últimos cursos é o incremento de alumnado de familias que fixan a súa residencia no municipio e que proceden de Vigo, estando estes alumnos escolarizados previamente en centros educativos vigueses. Tamén e durante todos os cursos, aínda que en cantidades pequenas, comeza a haber alumnado de procedencia estranxeira.

Tamén salientar que, nos últimos cursos, houbo un aumento do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), especialmente aumentaron as necesidades no eido académico (por exemplo, contamos con alumnado que non ten adquirido o proceso de lectoescritura correctamente)

2.4. CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO

Na actualidade, o claustro consta de 61 profesores e profesoras, ademais dunha profesora de Pedagogía Terapéutica definitiva e outra compartida, e unha profesora de relixión compartida.

A maioría do profesorado ten destino definitivo aínda que, polo xeral, hai unha unha alta mobilidade do profesorado, dificultando ter un claustro estable.

O profesorado agrúpanse en órganos de coordinación didáctica, como os Departamentos Didácticos, que se ocupan da coordinación curricular. A súa vez, son representados polos Xefes de Departamentos na Comisión de Coordinación Pedagóxica, da que forman parte tamén a Coordinadora de FCT, o Xefe do Equipo de Normalización Lingüística, a responsábel da Biblioteca, a Orientadora e as mestras de Pedagogía Terapéutica, xunto co Director e a Xefa de Estudos.

2.5. CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente componse de dúas administrativas, dous conserxes e tres persoas do servizo de limpeza.

2.6. CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS.

En canto ao nivel sociocultural das familias do alumnado, podemos sinalar que a maioría da poboación adulta sitúase entre os estudos básicos.

A dispersión da poboación xunto coa precaria rede de transporte público, dificulta o asociacionismo dos pais e a posibilidade de manter máis contacto co centro.

Os pais e nais que o desexan están asociados na ANPA Solleiro, que dispón dun lugar de reunión no centro. Esta ANPA é dinámica e participa da actividade xeral do centro, coa proposta e a coordinación de diferentes actividades extraescolares.

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ao longo da súa permanencia no centro, especialmente nos cambios de ciclo ou curso e ante a elección de distinta índole.
- Informar aos alumnos/as e ás familias sobre as diferentes opcións educativas e laborais.
- Fomentar o coñecemento do contorno máis inmediato.
- Favorecer a madurez vocacional.
- Fomentar a elaboración dun proxecto de vida e as habilidades para conseguilo.
- Favorecer a transición á vida activa e laboral.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os obxectivos específicos estrutúranse en tres bloques que se refiren aos tres ámbitos de actuación da acción tutorial: os alumnos, o equipo docente e as familias.

3.2.1. *OBXECTIVOS CO ALUMNADO.*

- a. Axudar ao alumnado no coñecemento de si mesmo.
- b. Aprender e desenvolver a toma de decisións: coñecemento da realidade, manexo de información, análise e previsión,...
- c. Facilitar información adecuada e precisa sobre as distintas opcións educativas e/ou laborais que ofrece o sistema educativo, así como sobre a situación laboral actual e as tendencias no mundo do traballo.
- d. Desenvolver habilidades de busca e tratamento da información.
- e. Eliminar os estereotipos e prexuízos -sexistas, raciais, diversidade funcional, etc.- para que fundamenten as súas decisións unicamente nas súas fortalezas, aptitudes e intereses.

- f. Familiarizar aos alumnos dos cursos terminais (4º ESO, 2º Bacharelato, 2º FP Básica e 2º de ciclo medio de FP) coa realidade do mercado laboral.
- g. Potenciar a autororientación e a busca activa de emprego.
- h. Coñecer as institucións e entidades da contorna.

3.2.2. *OBXECTIVOS CO EQUIPO DOCENTE.*

- a. Implicar ao profesorado na preparación e desenvolvemento do POAP.
- b. Participar activamente no POAP.
- c. Ser receptores das demandas académicas e/ou profesionais do seu alumnado.
- d. Dotar de ferramentas ao profesorado titor para que favorezan o desenvolvemento de estratexias útiles co alumnado no ámbito da orientación vocacional.

3.2.3. *OBXECTIVOS COAS FAMILIAS.*

- a. Informarlles sobre as distintas opcións que propón o sistema educativo, así como coas distintas saídas profesionais.
- b. Posibilitar unha maior implicación e apoio no proceso de toma de decisións dos seus fillos/as.
- c. Contribuír a un maior coñecemento dos intereses dos seus fillos/as.

4. ACTIVIDADES

As actividades do Plan de Orientación Académico Profesional (POAP) artéllanse en 3 bloques diferenciados:

4.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO:

Con este primeiro bloque preténdese que o alumnado reflexione sobre si mesmo, descubra as súas destrezas e limitacións, acepte a súa situación e as súas posibilidades de desenvolvemento, efectuando ao final do proceso unha síntese.

Estas actividades terán o dobre obxectivo de posibilitar o desenvolvemento destes aspectos, ao longo da etapa, por parte do alumnado; así como que o profesorado titor dispoña de información (obtida por diversos medios: actividades individuais e grupais, entrevistas, cuestionarios, etc.) que permita unha orientación máis personalizada dos seus titorandos e titorandas.

O/a titor/a e os profesores, co asesoramento da orientadora, serán os responsables levando a cabo estas actividades na aula e en hora de tutoría:

- Un cuestionario inicial e persoal para obter unha primeira aproximación da situación académica, persoal e familiar de cada un deles.
- Actividades centradas no coñecemento de si mesmo: actitudes e aptitudes, intereses, motivacións e capacidades, hábitos e estilos de aprendizaxe, autoestima, capacidade de traballo en grupo, habilidades sociais, valores, personalidade, autoconcepto, etc.

4.2. INFORMATION ACADÉMICA E PROFESIONAL:

Preténdese que cada alumno/a coñeza que estudos pode seguir cursando, campos profesionais dentro de cada área, vantaxes e inconvenientes de cada un deles, información sobre a incorporación ao mundo laboral, etc.

Nesta tarefa colaborarán todo o profesorado do centro informando ao alumnado acerca dos estudos relacionados coa materia ou área que imparten, saídas profesionais dos mesmos, perfís das devanditas profesións e a súa implantación no mercado laboral, etc.

Así mesmo, aportarase ao alumnado información sobre a estrutura do Sistema Educativo e as posibilidades segundo cada etapa educativa:

- Información sobre as optativas máis adecuadas en función do itinerario posterior a seguir.
- Alternativas ao acabar 4 º da ESO.
- Información sobre o Bacharelato.
- Información sobre a Formación Profesional.
- Información sobre a Universidade.
- Información sobre ABAU.
- Información sobre Programas de Atención á Diversidade.
- Información sobre outros Ensinos Artísticos, Deportivos, etc.
- Información sobre bolsas, residencias, etc.
- Información sobre formación regrada e tamén sobre outras opcións de formación (non regrada, ocupacional...)
- Información sobre o mundo laboral, información xeral sobre procura de emprego e onde dirixirse.
- Etc.

4.3. PROCESO DE TOMA DE DECISIÓNS:

Neste bloque preténdese que o alumnado integre a información que teñen sobre si mesmos e sobre o ámbito académico e profesional de modo que eles/as mesmos/as teñan elementos para poder tomar as súas propias decisións. É dicir, facilitar e posibilitar que en certa medida eles mesmos sexan os protagonistas da súa orientación.

O profesorado titor levará a cabo estas actividades co asesoramento da orientadora quen asesorará sobre a idoneidade de aplicar determinados procesos e proporcionaralle o material correspondente para desenvolverlas nas sesións tutoriais.

As actividades dirixidas a aprender o proceso de toma de decisións serán actividades referidas a situacións escolares e extraescolares, co obxecto de que o alumnado detecte o problema, saiba analizar as variables que operan no mesmo, analice as distintas posibilidades de solución, valore as vantaxes e inconvenientes de cada unha delas e, finalmente, afronte a decisión.

5. FUNCÍONS DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN NA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

Como xa indicamos na xustificación teórica, a organización dos servizos de orientación educativa e profesional estrutúranse en servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, servizos externos e servizos internos aos centros educativos (decreto 120/1998 do 23 de abril e orde do 24 de xullo de 1998).

A. Os **servizos externos de orientación** son os equipos de orientación específicos (EOE) que contan cun profesional adicado especificamente á orientación profesional coas seguintes funcións:

- Ofrecerlles apoio técnico especializado ós Departamentos de Orientación para a elaboración, seguimento e avaliación de programas de orientación profesional dirixidos á inserción social e laboral do alumnado.
- Promover a colaboración intercentros con diferentes empresas, entidades e organismos para o desenvolvemento de actuacións conxuntas en materia de orientación profesional.
- Asesorar aos Departamentos de Orientación e os centros educativos para poder integrar a orientación profesional no currículo.
- Elaborar e recompilar no ámbito provincial recursos escolares e profesionais para que o alumnado poida decidirse pola opción máis axeitada ás súas características e preferencias, recursos que serán remitidos aos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a efectos do seu tratamento homoxéneo e posterior divulgación no ámbito da Comunidade Autónoma, para que beneficien ao maior número de usuarios.

B. Os **servizos internos aos centros educativos: os Departamentos de Orientación**. Na elaboración do plan de orientación do centro deben considerarse os seguintes principios básicos, que caracterizan a orientación académica e profesional:

- A súa duración ao longo de toda a escolaridade con momentos de especial énfase. A orientación educativa e profesional non se debe limitar a unha serie de actividades illadas e inconexas, situadas ó final da escolaridade, senón que constitúe un proceso continuo e sistemático, sen que isto impida que o proceso se intensifique en

momentos concretos, cando o alumnado debe elixir entre distintas opcións ou itinerarios académicos ou profesionais.

- A súa incardinación plena no proceso educativo. A orientación educativa e profesional é tarefa de toda a comunidade educativa do centro, xa que ao formar parte do proceso educativo, compromete todos os niveis de planificación (proxecto educativo, programacións didácticas e de aula, adaptacións do currículo, etc.), a todo o profesorado e a todos os órganos de goberno e de coordinación docente (consello escolar, claustro, equipo directivo, comisión de coordinación pedagóxica, departamentos didácticos, profesorado tutor, ...).
- Dirixida a todo o alumnado, familia e contorno sociolaboral. Débense arbitrar mecanismos de axuda en forma de asesoramento específico e individualizado dirixido a aqueles alumnos e alumnas que atopan dificultades para tomaren decisións derivadas de necesidades educativas especiais.
- Facilitadora da toma de decisións do alumnado, ao axudarlles na aprendizaxe de mecanismos, habilidades e estratexias. Neste sentido, a orientación debe conducir ao alumnado a unha secuencia de opcións ou eleccións mediante as que este decidirá o seu proxecto persoal de vida no ámbito formativo e profesional.
- Promotora da actividade e autonomía do alumnado, contribuíndo a que desenvolva habilidades e estratexias efectivas para se enfrontar á toma de decisións en distintos momentos da súa vida, mesmo cando xa non se atopa no centro educativo; tendendo, en definitiva, á autoorientación.
- Que promove a igualdade de oportunidades, prestándolle atención especial á superación de hábitos sociais discriminatorios por razón de xénero, orixe social, cultural, etc. que condicionen o acceso aos distintos estudos ou profesións.

6. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Para a consecución dos obxectivos indicados anteriormente, o Departamento de Orientación levará a cabo os seguintes conxuntos de actuacións:

- Actuacións dirixidas a que os alumnos e alumnas desenvolvan as capacidades implicadas no proceso de toma de decisións e que coñezan e valoren dunha forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses.
- Actuacións destinadas a facilitar información suficiente ao conxunto do alumnado sobre as distintas opcións educativas ou laborais relacionadas con cada etapa educativa, e de maneira especial sobre aquelas que se ofrezan na súa contorna.
- Actuacións que propicien o contacto do alumnado co mundo do traballo e poidan facilitar a súa inserción laboral.
- Actuacións para a superación de hábitos sociais discriminatorios por razón de sexo, orixe social ou cultural, que condicionan o acceso aos diferentes estudos e profesións.

6.1. ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS POR CURSOS E TEMPOS.

6.1.1. ACTUACIÓNS CON 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO E 1º FP BÁSICA:

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES
1º trimestre	Autocoñecemento	• Recollida de información inicial sobre as aptitudes, intereses, personalidade, etc. do alumnado.
	Coñecemento do sistema educativo	• Presentación da ESO: estrutura, materias que se imparten en cada nivel, criterios de promoción, etc.
2º trimestre	Hábitos de traballo	• Establecemento dun horario de estudo persoal sen menoscabo do tempo de lecer e das responsabilidades no fogar. • Técnicas de estudo e dinámicas de traballo.
3º trimestre	Orientación académica e profesional	• Coñecemento do próximo curso escolar: materias, optatividade e as súas implicacións. • Coñecemento de alternativas á ESO: FP Básica, probas de acceso a ciclo medio, ESA, ... • Complimentación da pre-matricula (aúgas en 1º FPB).

6.1.2. ACTUACIÓNS CON 4º ESO E 2º FP BÁSICA:

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES
1º trimestre	Autocoñecemento	Recollida de información inicial sobre as aptitudes, intereses, personalidade, etc. do alumnado.
	Coñecemento do sistema educativo	Título da ESO e FP Básica: criterios de titulación.
2º trimestre	Hábitos de traballo	- Establecemento dun horario de estudo persoal sen menoscabo do tempo de lecer e das responsabilidades no fogar. - Técnicas de estudo e dinámicas de traballo.
3º trimestre	Orientación académica e profesional	- Adicar a meirande parte das sesións de tutoría á orientación académica e profesional. - Presentación sobre estudos superiores: Bacharelato, ciclo medio de FP, ensinanzas especiais, etc. - Cuestionario do Programa Orienta en relación ao bacharelato e os ciclos de FP.

6.1.3. ACTUACIÓNS CON BACHARELATO:

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES
1º trimestre	Autocoñecemento	Recollida de información inicial sobre as aptitudes, intereses, personalidade, etc. do alumnado.
	Coñecemento do sistema educativo	Presentación do Bacharelato: estrutura, materias que se imparten en cada nivel, criterios de promoción, etc.
2º trimestre	Hábitos de traballo	- Avaliación dos propios hábitos de traballo e adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudo e a organización do traballo de acordo coas características singulares de cada situación persoal. - Consolidación de hábitos de estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal
3º trimestre	Orientación académica e profesional	- ABAU: procedemento, nota de acceso á universidade, ponderación de materias, notas de corte, titulacións do sistema universitario galego, plazas de cada grado, becas,... - Os CS da FP: vinculacións coas modalidades de bacharelato, o acceso a través de probas.

6.1.4. ACTUACIÓNS CON FP:

TRIMESTRE	CONTIDOS	ACTIVIDADES
1º trimestre	Autocoñecemento	Análise da traxectoria persoal para formarse unha imaxe adecuada de sí mesmos, das súas

		características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o seu esforzo e a superación das dificultades. As necesidades educativas e persoais.
	Cofecemento do sistema educativo	• Estudio das opcións que teñen para continuar os estudos.
2º trimestre	Hábitos de traballo	• Avaliación dos propios hábitos de traballo e adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudio e a organización do traballo de acordo coas características singulares de cada situación persoal • Consolidación de hábitos de estudio e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal
3º trimestre	Orientación académica e profesional	• Elaboración dun proxecto persoal de estudos e busca de traballo realista e axustado aos seus intereses, aptitudes e necesidades. • Desenvolvemento e consolidación do espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

6.2. METODOLOXÍA

O proceso de orientación académico-profesional debe caracterizarse polo emprego dunha metodoloxía o suficientemente ampla como para contemplar un extenso abano de actividades.

Algunhas das técnicas metodolóxicas a empregar poderían ser:

- Estudo de casos.
- Realización de cuestionarios, entrevistas e test.
- Realización de visitas a centros educativos, empresas, asociacións, etc.
- Debates sobre vantaxes e inconvenientes das diferentes opcións.
- Manexo de folletos, información audiovisual e información online sobre saídas académicas e laborais.
- Técnicas de busca de emprego.
- Role-playing.
- Charlas de expertos, traballadores e estudantes.
- Reflexión crítica no proceso de toma de decisións.
- Estudo e análise de guías, folletos, artigos, bibliografía.

- Programas informáticos de orientación vocacional.
- Técnicas de dinámica de grupos.
- Combinación de actividades grupais de carácter informativo e xenérico co asesoramento individual do alumnado que o solicite ao Dpto. de Orientación.

A maiores, non debe esquecerse o asesoramento individual tanto ás familias como ao alumnado que o precise en momentos puntuais. Para tal fin, a orientadora do centro ten asignada unha hora de atención personalizada.

6.3. RECURSOS

O Departamento de Orientación facilitará a aqueles membros da comunidade educativa que o soliciten toda aquela información que teña ao seu alcance, xa sexan folletos informativos, cadernos de orientación, cuestionarios académicos, páxinas web, información escrita sobre distintas vías tanto académicas coma de busca de emprego ou saídas laborais. Tamén resultará imprescindible a continua busca e actualización de fontes de información en internet.

Por outra banda, o departamento de orientación xunto con outros membros da comunidade educativa serán canles de contacto para realizar charlas, visitas e/ou outras actividades que poidan precisar axentes externos ao IES.

7. PROGRAMA DE TRANSICIÓN ENTRE PRIMARIA E SECUNDARIA

A transición do alumnado de Primaria á Educación Secundaria Obrigatoria é un dos momentos máis relevantes e, ao mesmo tempo, complexos no proceso educativo, tanto para os/as estudantes como para as familias. Este cambio de etapa implica unha serie de transformacións que afectan a diversos ámbitos: académico, social, emocional e organizativo.

Por esta razón, este programa baséase nun enfoque integral, que non se limita unicamente á adaptación académica, senón que tamén atende ás dimensións emocionais e sociais do proceso. Isto axuda a que o alumnado se prepare de maneira global para o novo contexto, favorecendo a súa integración tanto no ámbito escolar como persoal; intentando garantir unha adaptación progresiva e adecuada do alumnado á nova etapa educativa, minimizando as dificultades que poidan xurdir durante este proceso.

Así mesmo, a transición efectiva tamén depende dunha boa coordinación entre os centros de Primaria e Secundaria. A existencia dunha relación fluída entre os dous niveis educativos facilita a transmisión de información relevante sobre as características do alumnado, as súas fortalezas e dificultades, e permite ao profesorado de Secundaria organizar actividades que melloren a integración dos estudantes.

7.1. OBXECTIVOS DO PROGRAMA:

- Facilitar a adaptación emocional e social do alumnado ao cambio de etapa educativa.
- Potenciar o desenvolvemento de competencias persoais e académicas para afrontar os retos do novo ciclo educativo.
- Fomentar a coordinación entre os centros de Primaria e Secundaria, garantindo unha continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Involucrar ás familias no proceso, proporcionándolles as ferramentas necesarias para apoiar aos seus fillos e fillas na transición.

7.2. CONTIDOS E ACTIVIDADES:

A. Preparación emocional e psicolóxica en Primaria:

- Reunións entre os/as orientadores/as dos centros de Primaria e Secundaria para planificar esta transición.
- Charlas sobre o proceso de adaptación a un novo centro, espazos e profesorado nos respectivos colexios.

B. Visita ao centro IES Antón Alonso Ríos:

- Charla informativas sobre as diferencias no sistema educativo entre Primaria e ESO (materias, horario, etc.).
- Percorrido polos espazos do IES: aulas, biblioteca, ximnasio, patio, laboratorio, etc.
- Actividades lúdicas no IES entre alumnado de 6º Primaria e 1º ESO para favorecer a interacción social, reducir medos e aumentar a confianza.

C. Involucrar ás familias do alumnado de 6º Primaria:

- Reunión informativa inicial para que as familias coñezan as principais diferenzas entre Primaria e ESO, o funcionamento do centro, e o sobre como apoiar a adaptación emocional e académica no novo contexto escolar.

D. Seguimento e apoio continuo:

- Reunión entre profesorado-titor e orientador/a de Primaria e xefatura de estudos e orientador/a da ESO para compartir información sobre o alumnado de 6º Primaria.
- Apoio personalizado durante os primeiros meses en ESO, con titorías individuais ou grupais para valorar a adaptación e tratar posibles dificultades.

7.3. CRONOGRAMA

- Principios de maio (antes de terminar Primaria): realización de xornadas informativas sobre a transición nos respectivos colexios (CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán, CEIP Plurilingüe de Tebra, CEIP de Sobrada, CEIP de Barrantes e CEIP Pintor Antonio Fernández).
- Finais de maio: visita do alumnado de 6º Primaria dos centros adscritos ao IES Antón Alonso Ríos.
- Mes de xuño: reunión entre entre profesorado-titor e orientador/a de Primaria e xefatura de estudos e orientador/a da ESO para compartir información sobre o alumnado de 6º Primaria.
- Primeiros meses do curso en ESO (setembro a novembro): Actividades de acollemento e seguimento, así como encontros entre as familias e o profesorado-titor.

8. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación permitiranos, sempre dentro duns límites, coñecer ata que punto foi efectivo o POAP e axudaranos a decidir o mantemento ou o cambio de obxectivos, das estratexias de intervención, a temporalización, os recursos, etc.

Ao longo do curso realizarase o seguimento do desenvolvemento do POAP. Os momentos da avaliación serán:

- Avaliación inicial: para detectar necesidades.
- Avaliación continua ou formativa: ao longo do curso e durante a posta en marcha das actividades coa finalidade de modificar no proceso aquelas que resulten inadecuadas.
- Avaliación sumativa e final: ao final do proceso farase unha avaliación por parte de todos os participantes (familias, profesorado, alumnado, Orientación e Equipo Directivo) sobre aqueles aspectos que funcionaron ben, as dificultades atopadas, e aqueles aspectos que serán necesarios modificar. A evolución nos distintos momentos levarase a cabo nas reunións da CCP, reunións de titores, etc.

As conclusións obtidas da avaliación final serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no curso seguinte.

Para realizar as avaliacións anteriormente indicadas, teranse en conta os seguintes criterios:

1. Grao de consecución de obxectivos.
2. Adecuación das actuacións ao contexto, aos recursos dispoñibles, finalidades previstas, etc.
3. A funcionalidade e relevancia das actuacións propostas á hora de dar resposta ás necesidades detectadas en canto a benestar e convivencia.
4. A implicación dos diferentes membros da comunidade educativa.
5. O grao de coordinación entre o responsable deste plan (persoa coordinadora de benestar e convivencia) co resto do profesorado, equipo directivo, familias, axentes externos, etc.

6. A satisfacción dos participantes neste plan co desenvolvemento do proceso, resultados obtidos, cumprimento das expectativas, etc.
7. A contribución das actuacións desenvolvidas á mellora da orientación académica e profesional do alumnado.

Todo este proceso de avaliación ven apoiado polo uso dos seguintes instrumentos ou accións organizativas:

- Reunións periódicas para analizar e valorar as actuacións desenvoltas, fomentar a relación entre os distintos axentes educativos e mellorar a calidade do asesoramento e a cooperación.
- Cuestionarios dirixidos aos destinatarios das intervencións (profesorado, titores/as, alumnado, familias, etc).
- Intercambio de información nas sesións de avaliación ordinarias.
- Análise da participación: número de demandas e consultas formuladas á coordinadora de benestar e convivencia, participación das familias en reunións e entrevistas, participación do alumnado nas actividades propostas, etc.
- Uso dos materiais e recursos bibliográficos.

Ao finalizar o curso escolar, recolleranse os resultados e conclusións desta avaliación do POAP nunha memoria final, cuxa elaboración será responsabilidade da xefatura do departamento de orientación do centro. Dita memoria será entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na memoria anual de centro.